

LA BUENA LETRA

Celia Rico Clavellino, 2025

1513

ESTREA EN NUMAX: 30.04.2025 | V.O. | +7 | 110 min

Nunha vila valenciana, durante a posguerra, Ana trata de saír adiante coa súa familia; a Guerra Civil abriu unha profunda ferida en todos eles, especialmente no seu cuñado, Antonio. Ana tenta curar esa ferida a base de guisos, segredos e silencios, pero cando Isabel, recentemente casada con Antonio, chega á familia, as atencións e coidados de Ana valerán de pouco ou nada: o sacrificio non sempre ten a súa recompensa.

«Unha obra chea de xestos íntimos
que son profundamente políticos,
como en todo o cinema da autora»

Pepa Blanes, CADENA SER



Guisar, coser e calar

Por Celia Rico Clavellino

Durante a posguerra española moitas mulleres cumpriron co que se esperaba delas: guisar, coser e calar, sempre á conta de renunciar a calquera soño ou desexo polo ben dos membros da súa familia. A historia dun país tamén pode lerse na suma destes xestos, no sacrificio silencioso que, tan a miúdo, devén en sufrimento inútil; ás veces, a xenerosidade dunha persoa só serve para alimentar o egoísmo das outras.

Sabemos que a Guerra Civil española trouxo morte e miseria, medo e inxustiza, pero falóusenos menos das feridas profundas da alma, da tristura de quen sostivo os fogares contra vento e marea. Desde o interior dunha casa, esta historia testemuña as arelas e pulsións máis íntimas duns personaxes que, cada un á súa maneira, se agarran aos días para sobrevivir, esperando que a vida lles devolva o que a guerra lles arrebatou, desde os alimentos máis básicos á posibilidade de quererse. A felicidade - ese espellismo onde tentan mirar os protagonistas desta historia- escorrega entre as mans tan rapidamente como o fai as faragullas de pan ou unha presa de moedas.

La buena letra é unha película sobre os soños frustrados e as palabras caladas de toda unha xeración, unha historia sobre as feridas invisibles coas que se teceron as relacións familiares nunha das épocas máis duras da nosa historia.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

La buena letra,
Rafael Chirbes.
Anagrama, 2007